



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS
E MOBILIDADE

APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO DO
VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS Á IMPLANTACIÓN
DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓNS NAS CIDADES GALEGAS
AG-46 E PO-551 EN DOMAIO.

27.09.2022

Proxecto de Trazado

Clave: PO/22/116.06

1 Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a execución de dous aparcadoiros disuasorios, ubicados en Domaio (AG-46) e Rande (PO-551) no concello de Moaña, co obxecto de captar aqueles usuarios que realizan desprazamentos de media distancia, de modo que poidan estacionar o seu vehículo na zona de aparcadoiro que será tamen punto de encontro para compartir vehículo entre varios usuarios que realicen o mesmo traxecto e así contribuír á mobilidade segura e sostible e á diminución de emisións de gases contaminantes.

2 Descrición da Actuación

As actuacións proxectadas consisten no acondicionamento de terreos nas marxes das estradas AG-46 e PO-551 que sirvan de comunicación entre os núcleos da comarca do Morrazo e as áreas metropolitanas de Vigo e Pontevedra.

Aparcadoiro disuasorio en Domaio: Executarase nun recheo xa existente no enlace do PQ 3+000 da AG-46 de Domaio. Terá unha capacidade de 82 prazas (13 delas en liña e o resto en batería), tres destas prazas estarán reservadas para persoas con mobilidade reducida (PMR) e haberá 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos. Disporase unha franxa perimetral interior adxacente ás prazas para os itinerarios peonís e carrís de circulación que serán de sentido único.

Para o acceso ao aparcadoiro e necesario remodelar o enlace da AG-46 cunha glorieta de tipo circular.

Aparcadoiro disuasorio en Rande: Amplíase e reformase o aparcadoiro xa existente no PQ 33+250 da PO-551, nas proximidades do enlace de Rande. Proxectanse 75 prazas, 8 delas dispostas en liña e o resto en batería con 2 PMRs e 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos.

Contará con carrís de circulación interior dun so sentido e unha banda perimetral de itinerario peonil.

3 Características técnicas

Superficie construída:

Domaio: 1.900 m²

Rande: 2.000 m²

Sección tipo

- Aparcadoiro: variable (en batería 2,50 x 5,00 m, (agás as PMRs que serán de 4,00 x 5,00 m) e en liña serán de 2,25 de ancho x 5,00 m de lonxitude.

- Viais interiores: de sentido único cun ancho mínimo de 3,00 m

- Zona peonil: a ambos lados dos viais de ancho variable (1,20 -1,80 m)

- Beirarrúas: 2,50 m de ancho

_ Glorieta: Radio exterior de 28 m, carrís de 4 m, beiravía interior de 1,00 m, anel interior de 2,00 m.

- Senda: ancho mínimo de 1,80 m e elevada 10 cm respecto á rasante da estrada.

Firmes e pavimentos:

- Prazas de aparcadoiros, itinerarios peonís: pavimento de formigón HF-4.0, desactivado con árido de anfíbolita de cor negra de 20 cm con mallazo 15x15x8 sobre 20 cm saburra artificial.

- Carrís interiores: pavimento de formigón HF-4.0 con acabado esparavelado sobre unha capa de 20 cm de saburra.

- Senda: será de formigón HF-4,0 con acabado en cor terrizo e liña de bordo igual á senda xa existente Palmás-Rande.

4 Poboación servida

Moaña 19.496 hab.

TOTAL 19.496 hab.

5 Concellos Afectados

Moaña

6 Expropiacións

Parcelas afectadas 1

Superficie expropiada: 849 m² encadrados no concello de Moaña

Orzamento Total Expropiacións 3.940,21 €

7 Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de NOVE (9) meses.

8 Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (máis 21% IVE) 1.352.646,40 €

Orzamento Total Expropiacións 3.940,21 €


Orzamento Vixilancia Ambiental 3.150,00 €

Orzamento para Coñecemento da Administración 1.359.736,61 €

9 Orzamentos por concellos e estradas


<u>Concello</u>	<u>Estrada</u>	<u>OCA</u>	<u>%</u>
Moaña	AG-46 Domaio	491.792,05 €	52,35
Moaña	PO-551 Rande	392.534,10 €	41,79

Situación



Planta actuación

APARCADOIRO DOMAIO (AG-46)



APARCADOIRO RANDE (PO-551)

